

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.^a,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 12.05.2017 Hora: 10:30

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 12 de maio de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 5733 (10/POC-000998)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiros Guinarte, Silvestre José e 6 máis
Sobre o financiamento dispoñible para o desenvolvemento en Galicia do programa de desenvolvemento rural Leader 2014-2020, os datos referidos ao alcance que vai ter e os seus principais obxectivos, así como o nivel de investimento e de creación de postos de traballo que vai xerar nese período. (Procedemento de urxencia)
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 76, do 02.03.2017
- 1.2 7760 (10/POC-001352)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a existencia dalgunha denominación de orixe galega na que os parámetros de produción, venda, exportación, número de viticultores e número de adegas experimenten estancamento e/ou retroceso, os datos referidos aos viticultores existentes en cada unha delas e a súa evolución nos últimos cinco anos, así como o número de adegas rexistradas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017
- 1.3 8126 (10/POC-001411)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis
Sobre as partidas específicas destinadas pola Consellería do Medio Rural para programas emitidos nas canles públicas con contidos relacionados co ese medio, a existencia dalgunha partida específica para o programa "O Agro" da TVG e, se é o caso, o seu grao de execución, así como as razóns existentes para reducir a súa achega económica a ese programa e as medidas que vai adoptar para evitar a diminución da información referida ao mundo rural nos medios públicos galegos

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017

- 1.4 8388 (10/POC-001479)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dunha liña específica de axudas para paliar os danos ocasionados pola xeadada o día 27 de abril de 2017 aos viticultores da zona do Ribeiro, a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei, e os criterios que vai seguir para a súa distribución

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 5683 (10/PNC-000548)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiros Guinarte, Silvestre José e 6 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de achegar aos agricultores, produtores, colectivos e interesados en xeral de información máis completa posible respecto do Programa de desenvolvemento rural Leader 2014-2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017
- 2.2 6580 (10/PNC-000664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a creación polo Goberno galego da relación de postos de traballo na empresa pública Seaga, a ampliación ata os nove meses en total da duración dos contratos de tres meses para o colectivo de traballadores fixos discontinuos e a inclusión do seu cadro de persoal no V Convenio único do persoal laboral da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017
- 2.3 7628 (10/PNC-000793)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a adopción pola Consellería do Medio Rural das medidas necesarias para a realización de eleccións sindicais no medio rural, así como o recoñecemento da Federación Rural Galega e da Organización Rural Galega Agroforestal como organizacións agrarias representativas para todos os efectos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017

08 MAI. 2017

Núm. 2575

2.4 7876 (10/PNC-000826)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Xoán de Tabagón de creación dun espazo sociocultural no monte Tabagón e co prazo de solicitude das axudas do PDR 2014-2020 para ese fin

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

Moisés Blanco Paradelo

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Moises Blanco Paradelo, na data 08/05/2017 12:59:42

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.^a, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 12.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 12.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 5733(10/POC-000998)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiros Guinarte, Silvestre José e 6 máis

Sobre o financiamento dispoñible para o desenvolvemento en Galicia do programa de desenvolvemento rural Leader 2014-2020, os datos referidos ao alcance que vai ter e os seus principais obxectivos, así como o nivel de investimento e de creación de postos de traballo que vai xerar nese período.
(Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa vía urxencia, 76, 02.03.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 12:48
Nº Rexistro: 5733
Data envío: 27/02/2017 12:48:49.465

A Mesa do Parlamento

Silvestre Balseiros Guinarte, José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O programa europeo LEADER busca un desenvolvemento rural baseado na participación da poboación do territorio, integrando no mesmo todos os recursos e actores económicos e humanos existentes, cunha filosofía de “abaixo cara arriba”.

Os fondos destinaranse principalmente a medidas de apoio ás explotacións agrarias e os sectores agroalimentario e forestal.

O programa tamén prevé axudar a agricultores a reestruturar e modernizar a súas explotacións. Outros novos agricultores contarán con axudas de incorporación para poñer en marcha as súas empresas segundo os cálculos comunitarios.

Asemade está previsto as axudas para as organizacións de produtores, selos de calidade e mercados locais.

Está indicado que chegue á maior parte da poboación de Galicia algunha estratexia de desenvolvemento local do plan Leader.

Entre os desafíos ós que se lle debe facer fronte en Galicia cos fondos de desenrolo rural, están o fomento da competitividade da agricultura, a incorporación de xoves e a xestión de terras. Tamén se debe seguir mellorando na produtividade da industria alimentaria e da silvicultura mediante o fomento de produción de alto valor engadido. A mellora da calidade de vida da poboación rural, a través da prestación de servizos básicos, a loita contra o cambio climático e a preservación dos recursos naturais son outros dos obxectivos recollidos no PDR.

Neste programa teñen un papel fundamental os Grupos de Desenvolvemento Rural que desempeñan o papel de entidades colaboradoras e son os que seleccionan os

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 12:48
Nº Rexistro: 5733
Data envío: 27/02/2017 12:48:49.465

proxectos a levar a cabo nos próximos anos. No mes de xaneiro do 2017 procedeuse a constitución dos 24 GDR que se reparten por todo o territorio galego.

Rematada xa a fase de constitución dos grupos de desenvolvemento rural,ponse en marcha o Leader 2014-2020 que suporá un investimento de 84 millóns de euros no período sinalado.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

1. Con que financiación conta o PDR en Galicia?
2. Que porcentaxe de poboación quedará cuberta con algunha iniciativa deste plan en Galicia?
3. Que número de agricultores e novos produtores se verán beneficiados?
4. Cales son os principais obxectivos de Leader 2014-2020?
5. Cál e o nivel de inversión e de creación de postos de traballo que se prevé xere o Leader durante este período?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/02/2017 12:45:11

José González Vázquez na data 27/02/2017 12:45:20

Raquel Arias Rodríguez na data 27/02/2017 12:45:28

Moisés Blanco Paradelo na data 27/02/2017 12:45:35

Carlos Gómez Salgado na data 27/02/2017 12:45:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/02/2017 12:45:54

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 12:48
Nº Rexistro: 5733
Data envío: 27/02/2017 12:48:49.465

Daniel Vega Pérez na data 27/02/2017 12:46:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 12.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 7760(10/POC-001352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a existencia dalgunha denominación de orixe galega na que os parámetros de produción, venda, exportación, número de viticultores e número de adegas experimenten estancamento e/ou retroceso, os datos referidos aos viticultores existentes en cada unha delas e a súa evolución nos últimos cinco anos, así como o número de adegas rexistradas

Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Desde finais do século pasado o sector vitivinícola galego ten experimentado unha evolución positiva tanto desde a perspectiva cuantitativa como nomeadamente cualitativa, ata situar os nosos caldos nas mellores mesas e mercados do mundo.

Neste percorrido na procura da calidade dos nosos viños ten moito que ver a implicación de viticultores, adegoeiros e os consellos reguladores das denominacións de orixe que ao fin e ao cabo son actores principais na revitalización deste cultivo.

As producións máis senlleiras repartidas entre centos de adegas, céntranse arredor das cinco denominacións de orixe existentes en Galicia: Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras.

Cada unha destas denominacións teñen as súas particularidades climáticas e edafolóxicas que lle confiren aos seus viños aspectos claramente diferenciadores e con personalidade propia, convertendo así a diferenza nunha virtude á hora de buscarlle mercado aos caldos de cada denominación.

As diferenzas e matices nos viños tamén nos remiten ás diferenzas en canto ás dificultades ou facilidades para o cultivo, tecido sociodemográfico, accesos, infraestruturas etc. Así hai denominacións onde as novas incorporacións á actividade son frecuentes ou suficientes para manter a actividade, e hai outras denominacións onde as incorporacións son escasas e a idade dos viticultores moi elevada, e outras onde a dedicación dos viticultores varia enormemente conferíndolle ás denominacións personalidades propias.

Por estes aspectos claramente diferenciadores e diferenciais, os deputados que asinan preguntan:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 18:18
Nº Rexistro: 7760
Data envío: 06/04/2017 18:18:56.238



Grupo Parlamentario

1ª) Hai algunha denominación de orixe na que os parámetros de produción, venda, exportación, número de viticultores e número de adegas experimente estancamento e/ou retroceso?

2ª) Cantos viticultores hai en cada unha das denominacións de orixe de Galicia?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Cal é a evolución do número de viticultores nos últimos cinco anos (entre 2011 e 2016 ou similares) por denominación de orixe?

4ª) Cantos viticultores a tempo completo (ou dedicación principal), hai en cada unha das denominacións de orixe?

5ª) Cantas adegas rexistradas existen en cada denominación?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 06/04/2017 18:13:22

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/04/2017 18:13:33

**Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes**

Día: 12.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 8126(10/POC-001411)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre as partidas específicas destinadas pola Consellería do Medio Rural para programas emitidos nas canles públicas con contidos relacionados co ese medio, a existencia dalgunha partida específica para o programa "O Agro" da TVG e, se é o caso, o seu grao de execución, así como as razóns existentes para reducir a súa achega económica a ese programa e as medidas que vai adoptar para evitar a diminución da información referida ao mundo rural nos medios públicos galegos

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, David Rodríguez Estévez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para o seu debate na Comisión 7ª.

Dende 1991, o programa "O Agro" emite a diario información sobre o noso medio agrario. Este programa presta un importante servizo público aportando información a produtores e consumidores, unha información esencial sobre un sector produtivo estratéxico para o noso país. Entre esta información salienta a cotización diaria dos mercados galegos de gando, así como sobre novas técnicas agrarias ou xestión económica das granxas. Así mesmo, contribúe a dar voz a pequenas produtoras e cooperativas. Este programa está realizado por un equipo de profesionais de produción propia da TVG, que recibiron o recoñecemento da *Fundación de Estudios Rurales* coa entrega do premio "Esteban López Plaza de Periodismo y Comunicación 2010".

O día 19 de abril de 2017, a Directora da TVG, Rosa Vilas, informou ao Comité de Empresa da CRTVG da supresión do espazo "O Agro".

Parece que unha das causas aducidas pola dirección da TVG para a súa supresión residiría na rebaixa nun 75% do financiamento que facía a este programa a Consellería de Medio Rural. Existe outro programa de información agraria, "A Labranza", mais a súa frecuencia é semanal e o seu formato, diferente, ofrecendo reportaxes amplas máis que información diaria.

Nós consideramos que a información agraria constitúe un servizo público polo que unha canle como a TVG, financiada cos cartos de todas, debería apostar.



Queremos que se siga emitindo o espazo "O Agro" e queremos que sexa de produción propia.

Por todo o exposto, En Marea presenta as seguintes preguntas orais para a súa resposta en Comisión:

1. Que partidas específicas destina a Consellería de Medio Rural para programas nas canles públicas que se centren en ofrecer contidos relacionados co Medio Rural?
2. Existe unha partida específica para o programa "O Agro"? De ser así, que tanto por cento da partida se executou?
3. Que razóns aduce a Consellería para reducir a súa achega económica a este programa?
4. Que medidas vai tomar para evitar que diminúa a información sobre o mundo rural nos medios públicos galegos?

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Estévez Rodríguez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 12:43
Nº Rexistro: 8126
Data envío: 20/04/2017 12:43:58.152

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 20/04/2017 12:39:59

David Rodríguez Estévez na data 20/04/2017 12:40:20

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/04/2017 12:40:28

Paula Vázquez Verao na data 20/04/2017 12:40:37

**Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes**

Día: 12.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 8388(10/POC-001479)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dunha liña específica de axudas para paliar os danos ocasionados pola xeadada o día 27 de abril de 2017 aos viticultores da zona do Ribeiro, a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei, e os criterios que vai seguir para a súa distribución

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.^a**.

Na madrugada do xoves día 27 de abril unha gran xeadada levou parte da produción vinícola que afectou dunha forma considerable as D.O's do Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei.

Entendemos que é labor da Xunta de Galicia garantir os nosos produtores e produtoras, xunto con adegueiros e adegueiras, unhas colleitas dignas en calidade e cantidade para seguir a traballar as nosas terras dunha forma digna e con garantía de continuidade.

Así mesmo, tamén nos preocupa, e moito, que as adegas, que hoxe teñen unha proxección estimada de venda para este ano, non poidan cumprir as expectativas de venda, polo que as perdas nos vindeiros anos (lucro cesante) tamén serían importantes.

Agora mesmo a Xunta de Galicia, nos orzamentos do ano 2017, conta con partidas específicas para paliar os danos producidos por desastres naturais e catástrofes.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2017 17:58
Nº Rexistro: 8388
Data envío: 27/04/2017 17:58:54.819



- 1.- Vai a xunta de Galicia establecer unha liña de axuda específica para os danos ocasionados pola xeadá do día 27 de abril, ás produtoras e produtores das zonas mencionadas anteriormente, indistintamente de que estean ou non amparadas polas D.O's correspondentes?
- 2.- Cales van ser os criterios que se van a seguir para o reparto de ditas axudas?

Santiago de Compostela a 27 de abril de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 27/04/2017 17:58:22

David Rodríguez Estévez na data 27/04/2017 17:58:27

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 12.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 12.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 5683(10/PNC-000548)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiros Guinarte, Silvestre José e 6 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de chegar aos agricultores, produtores, colectivos e interesados en xeral a información máis completa posible respecto do Programa de desenvolvemento rural Leader 2014-2020

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 17:08
Nº Rexistro: 5683
Data envío: 24/02/2017 17:08:20.319

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Silvestre Balseiros Guinarte, José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei, para o seu debate en comisión.**

Exposición de motivos

O programa europeo LEADER busca un desenvolvemento rural baseado na participación da poboación do territorio, integrando no mesmo todos os recursos e actores económicos e humanos existentes, cunha filosofía de “abaixo cara arriba”.

Os fondos destinaranse principalmente a medidas de apoio ás explotacións agrarias e os sectores agroalimentario e forestal.

O programa tamén prevé axudar a agricultores a reestruturar e modernizar a súas explotacións. Outros novos agricultores contarán con axudas de incorporación para poñer en marcha as súas empresas segundo os cálculos comunitarios.

Asemade está previsto as axudas para as organizacións de produtores, selos de calidade e mercados locais.

Está indicado que chegue á maior parte da poboación de Galicia algunha estratexia de desenvolvemento local do plan Leader.

Entre os desafíos ós que se lle debe facer fronte en Galicia cos fondos de desenrolo rural, están o fomento da competitividade da agricultura, a incorporación de xoves e a xestión de terras. Tamén se debe seguir mellorando na produtividade da industria alimentaria e da silvicultura mediante o fomento de produción de alto valor engadido.

A mellora da calidade de vida da poboación rural, a través da prestación de servizos básicos, a loita contra o cambio climático e a preservación dos recursos naturais son outros dos obxectivos recollidos no PDR.

Neste programa teñen un papel fundamental os Grupos de Desenvolvemento Rural que desempeñan o papel de entidades colaboradoras e son os que seleccionan os proxectos a levar a cabo nos próximos anos. No mes de xaneiro do 2017 procedeuse a constitución dos 24 GDR que se reparten por todo o territorio galego.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 17:08
Nº Rexistro: 5683**
Data envío: 24/02/2017 17:08:20.319

Rematada xa a fase de constitución dos grupos de desenvolvemento rural,ponse en marcha o Leader 2014-2020 que suporá un investimento de 84 millóns de euros no período sinalado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a habilitar os medios necesarios para promocionar e extender a información máis completa posible deste programa a todos os concellos de Galicia, co obxecto de que chegue ó maior número de agricultores, produtores, colectivos e interesados en xeral”.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/02/2017 17:03:58

Silvestre Balseiros Guinarte na data 24/02/2017 17:04:09

José González Vázquez na data 24/02/2017 17:04:15

Raquel Arias Rodríguez na data 24/02/2017 17:04:27

Moisés Blanco Paradelo na data 24/02/2017 17:04:37

Carlos Gómez Salgado na data 24/02/2017 17:04:44

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/02/2017 17:04:52

Daniel Vega Pérez na data 24/02/2017 17:04:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 12.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 6580(10/PNC-000664)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a creación polo Goberno galego da relación de postos de traballo na empresa pública Seaga, a ampliación ata os nove meses en total da duración dos contratos de tres meses para o colectivo de traballadores fixos descontinuos e a inclusión do seu cadro de persoal no V Convenio único do persoal laboral da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A empresa pública Seaga (Servizos Agrarios Galegos) que figura na memoria da Consellería como sociedade mercantil pública autonómica ten o seu cadro de persoal contratado con varias modalidades, os que teñen unha situación de fixos ao longo de 12 meses son os menos, arredor de 30, pero hai un colectivo duns 500 traballadores coa tipificación contractual de fixos descontinuos con só 3 meses de traballo ao longo do ano. Hai que aclarar que tanto os fixos de 12 meses como os fixos descontinuos de 3 meses teñen esa cualificación laboral logo de gañar os respectivos preitos para consolidar a súa condición laboral.

Este colectivo está composto por traballadores/as coa categoría de peón, peón especialista, xefe/a de cuadrilla, capataces e técnicos que os fai especialmente adecuados para desenvolver tarefas de especial relevancia no rural máis aló dos 3 meses que teñen como período laboral estable ao longo do ano.

A precariedade laboral á que está sometido o cadro de persoal da empresa pública Seaga é unha situación que non debe seguir prolongándose. A Xunta non pode manter un colectivo tan amplo nunha situación tan precaria, dando un pésimo exemplo ao mercado laboral, deixando de lado a un colectivo con alta cualificación, profesionalización e formación para desenvolver o seu traballo no eido rural.

Logo do anuncio por parte do presidente de que a *X lexislatura será a lexislatura do mundo rural* en referencia ao grande esforzo que está disposto a facer o Goberno galego para superar as eivas, atrancos e subdesenvolvemento que pexa ao sector e espazo rural.



Grupo Parlamentario

Un dos moitos aspectos que necesitan reforzo nas políticas enfocadas a relanzar o eido rural son as que se refiren á prevención na extinción de incendios, conxuntamente coa limpeza e a vixilancia dos montes e outras actuacións máis específicas e/ou selectivas relacionadas cos distintos aspectos produtivos e/ou relacionados co eido rural como tratamentos silvícolas, controis sobre a saúde da superficie forestal, tratamentos de pragas, infraestruturas agropecuarias, conservación, protección de recursos naturais, etc.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dado que os cometidos e a razón de ser da empresa Seaga son todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestacións en materia agrícola, gandeira e forestal; así como todo o relacionado co desenvolvemento rural, a conservación e a protección do medio natural, e tamén a loita contra os lumes que na súa vertente de prevención sería clave.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º) Crear a relación de postos de traballo na empresa pública Seaga.
- 2º) Modificar a duración dos contratos para o colectivo de fixos discontinuos de 3 meses, ampliando o seu contrato en 6 meses ata acadar os 9 en total.
- 3º) Incluir o cadro de persoal de Seaga dentro do V Convenio Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 14/03/2017 13:42:41

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/03/2017 13:42:50

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2017 13:43
Nº Rexistro: 6580

Data envío: 14/03/2017 13:43:36.174



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2017 13:43:03

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 12.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 7628(10/PNC-000793)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a adopción pola Consellería do Medio Rural das medidas necesarias para a realización de eleccións sindicais no medio rural, así como o recoñecemento da Federación Rural Galega e da Organización Rural Galega Agroforestal como organizacións agrarias representativas para todos os efectos

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 12:27
Nº Rexistro: 7628
Data envío: 05/04/2017 12:27:37.293

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

Hai máis de quince anos que non se celebran eleccións agrarias que midan a representatividade das organizacións sindicais no sector.

Actualmente existen organizacións agrarias, Vg. FRUGA (Federación Rural Galega) e ORUGA (Organización Rural Galega Agroforestal) que non teñen interlocución normalizada co goberno nin nos órganos consultivos Vg. Consello Agrario Galego relacionados coa actividade agrogandeira e forestal.

O día 28 de febreiro de 2012 a Consellería do Medio Rural e do Mar, publicou a Orde pola que se convocaron as eleccións para a renovación dos órganos de goberno de determinados Consellos Reguladores do ámbito agro-alimentar.

A Federación Rural Galega – FRUGA, como federación na que se inclúen distintas asociacións profesionais dos diversos sectores da actividade agraria e gandeira, e como organización que ten entre os seus fins a defensa dos sectores produtivos agrarios da Galiza, presentou candidaturas ós consellos reguladores máis representativos do País, vendo vetadas as súas candidaturas en tres consellos reguladores. Unha vez celebradas as eleccións, FRUGA está presente en catro das cinco denominacións de orixe do viño.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 12:27
Nº Rexistro: 7628
Data envío: 05/04/2017 12:27:37.293

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta:

-Á Consellería de Medio Rural a que tome as medidas necesarias para que se celebren eleccións sindicais no Medio Rural á maior brevidade posible e actualizar así a representatividade nos espazos pertinentes.

-Ao Goberno galego para que a Consellería do Medio Rural, mentres tanto, recoñeza á Federación Rural Galega – FRUGA, e á Organización Rural Galega Agroforestal a tódolos efectos, como organizacións agrarias representativas, polo que debe ser garantida a súa presenza en tódolos órganos consultivos, de debate, diálogo, participación e asesoramento.”

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 12:27
Nº Rexistro: 7628
Data envío: 05/04/2017 12:27:37.293

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2017 12:25:56

Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2017 12:26:02

María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2017 12:26:05

Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2017 12:26:08

Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2017 12:26:11

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2017 12:26:14

**Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes**

Día: 12.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 7876(10/PNC-000826)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Xoán de Tabagón de creación dun espazo sociocultural no monte Tabagón e co prazo de solicitude das axudas do PDR 2014-2020 para ese fin

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 10:18
Nº Rexistro: 7876
Data envío: 11/04/2017 10:18:22.091

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

A comunidade de montes veciñais en man común da parroquia de San Xoán de Tabagón ten o proxecto de dedicar unha parte da superficie do seu monte veciñal a crear un espazo sociocultural.

É intención desta comunidade de montes presentar este proxecto nos GDR Baixomiño para acadar unha axuda .

Como é preceptivo por lei , o día 21 de Marzo de 2017,a comunidade de montes de San Xoan de Tabagón solicitou do Servizo de montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra a correspondente autorización. O servizo de montes contestoulle de palabra que esta autorización tardaría 6 meses en ser concedida .

O Partido Popular, a través do AGADER, cambiou o sistema de xestión das solicitudes de axudas mediante os GDRs. No anterior PDR (2006/2013) as axudas estaban abertas todo o ano, no actual PDR(2014/2020) ,soamente hai dúas convocatorias anuais (31 de Marzo e 31 de Maio) .

Isto significa que se o Servizo de Montes non lle autoriza o cambio de uso do monte veciñal antes do 31 de Maio, a comunidade de montes de San Xoán de Tabagón non poderá presentar a solicitude da axuda até o 31 de Marzo do vindeiro ano, polo que a



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 10:18
Nº Rexistro: 7876
Data envío: 11/04/2017 10:18:22.091

posta en valor de ese espazo socio-cultural (dos que se beneficiarían non sómentes os veciños e veciñas comuneiros/as da parroquia, senón a sociedade no seu conxunto dado o carácter social e público do proxecto) ,tardará un ano mais en converterse nunha realidade.

Por todo isto formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que este tipo de axudas do PDR volvan estar abertas todo o ano ou no seu defecto se axilice autorización para crear un espazo sociocultural no monte Tabagón antes da fin do prazo previsto para as axudas ó efecto.”

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 10:18
Nº Rexistro: 7876
Data envío: 11/04/2017 10:18:22.091

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/04/2017 10:17:24

Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2017 10:17:30

Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2017 10:17:34

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2017 10:17:37

Xosé Luis Bará Torres na data 11/04/2017 10:17:39

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2017 10:17:42